

TOURÍS PROTEXE AO AGRESOR DA POLICÍA LOCAL

O concelleiro do PP, e 2º Tenente de Alcalde, o Sr. Domínguez Padín, ven de ser condeado pola Xustiza como autor dunha falta de maltrato e outra de injurias a un axente da Policía Local de Cambados.

Aos cidadáns hai que esixirlles responsabilidades xurídicas polo seus actos; pero a un político hai que esixirle tamén responsabilidades políticas.

O Sr. Domínguez Padín é un representante do pobo, que foi elixido polos veciños para que use o poder que lle deron en beneficio da comunidade á que representa, e non para maltratar e injuriar a un axente da autoridade, que está ao servizo de tódolos cidadáns. O Sr. Domínguez Padín fixo un mal uso (abuso) deste poder e, polo tanto, debera ter xa demitido. O PP, que nos últimos tempos veu pedindo aos responsables políticos procesados (sobre todo doutras formacións) que demitisen dos seus cargos, non aplica aquí a mesma vara de medir.

No último pleno do mes de agosto, o BNG presentou unha moción pedindo esta dimisión, petición que foi secundada polos outros grupos da oposición. O PP non só votou en contra, senón que apoia ao Sr. Domínguez Padín manténdoo nos seus cargos e nomeándoo representante na Xunta Local de Seguridade.

Máis información do BNG:

www.bng-galiza.org/osalnes,
E-mail: salnes@bng-galiza.org
BNG-Cambados, Rúa Borrón 2



O BNG CELEBRA SUA XI ASEMBLEA NACIONAL



Os días 22 e 23 de novembro o Bloque Nacionalista Galego vai celebrar a súa XI Asemblea Nacional. Neste máximo órgano de decisión, no que ten dereito a participar toda a militancia, adoptarán-se os acordos que vaian guiar o traballo político do BNG nos vindeiros anos.

Abrir-se á sociedade, preparando á organización para os novos retos eleitorais do vindeiro ano (eleicións ao Parlamento do Estado e ao Parlamento Europeu), desenvolver unha estratexia que permita profundizar no autogoberno de Galiza e elixir o candidato do BNG á Presidencia da Xunta e os novos organismos de dirección, son as cuestións fundamentais que vai tratar esta Asemblea Nacional do BNG.

A sociedade galega está demandando máis que nunca un "Goberno Próprio", un goberno sen ataduras a estratexias de fóra e que só responda das súas actuacións diante dos galegos e galegas. Consciente disto, o BNG considera que é fundamental a consolidación do nacionalismo na nosa sociedade, de xeito que esa demanda se transforme nunha decisión consciente da cidadanía de apostar por unha organización política que defenda unicamente os intereses de Galiza. Con ese obxectivo plantexáronse nos documentos a debate nesta Asemblea Nacional cales son os mecanismos axeitados para que se produza unha maior apertura do BNG á sociedade e unha maior posibilidade de colaboración e participación directa da sociedade no traballo político e institucional que desenvolve o BNG en todo o país.

BLOQUE

Boletín informativo



Cambados, nº 18, outubro 2003

VAISE O CONSELLO REGULADOR

Todo efecto ten a súa causa. Todo fenómeno ten a súa explicación.

¿Por que Cambados quedou sen a sede do Consello Regulador da Denominación de Orixe Rías Baixas, tan unanimemente demandada, e pola que tanto loitamos?. Porque, cando o Consello Regulador se reuniu para toma-la decisión de fixa-la súa sede, enriba da mesa só había unha proposta presentada pola Presidenta e deputada do PP Marisol Bueno, que, segundo ela, contaba co apoio do Presidente da Xunta, Manuel Fraga e do Conselleiro Diz Guedes, e que coñecía o Presidente da Deputación, Rafael Louzán. Non había ningunha oferta de Cambados.

¿Por que?. Porque quen tiña que facela, o Alcalde de Cambados, Sr. Cores Tourís non quixo.

Hai catro anos, xa o Sr. Cores Tourís se manifestara favorable a un proxecto para que o Consello Regulador se instalase en Pontevedra. A campaña do BNG, que presentou mocións en tódolos concellos do Salnés reclamando a sede para a nosa comarca, paralizou esta iniciativa e fixo posicionarse á Corporación Municipal de Cambados, onde tódolos grupos solicitaron que o Consello Regulador establecese a súa sede definitiva en Cambados, por múltiples razóns históricas, económicas, xeográficas, ou culturais, que non ven agora ó caso repetir.

A partir de aquí o BNG dirixiuse repetidas veces ó Alcalde para que o Concello de Cambados lle presentase ó Consello Regulador a oferta dun edificio, coa que apoiar a nosa petición. Cores Tourís sempre se negou,

dicindo que "non era o momento oportuno", ou que estaba "facendo xestións", ou afirmando categoricamente que Cambados ía ter "unha sede ou unha subsele".

No pasado mes de abril, cando se acordou a compra do Pazo de Torrado, o BNG apoiouna e pediu xa que se lle ofertase o edificio ó Consello Regulador. Cores Tourís dixo que "non era necesario".

No último pleno celebrado no mes de agosto, cando xa o Pazo de Torrado era propiedade municipal, o BNG presentou unha moción para que o Concello lle fixese unha oferta formal destas instalacións ó Consello Regulador. O Sr. Cores Tourís, "seguinto na mesma liña", volveuse a negar.

A súa negligencia e deixadez (en catro anos só lle mandou un papel ó Consello Regulador, e como Vicepresidente nunca foi ás reunións), a súa prepotencia e arrogancia ("eu fago", "eu teño amigos"), son as causas de que Cambados quedase sen a sede do Consello Regulador. Agora, nunha burda comedia, anda a interpreta-lo papel de vítima, e para agocha-la súa ineficacia fala de increíbles conxuras.

Din que nos queren dar coma "premio de consolación" unha Sede Histórica, para recibir autoridades e visitas, para as fotos. O BNG seguirá apostando porque en Cambados se instale unha verdadeira e real Sede do Consello Regulador, que concebimos como algo estratéxico para o desenvolvemento non só do propio sector do albariño, senón doutros, coma a hostelería, o comercio, o turismo... Queremos unha Sede que dea máis vida a Cambados e ó Salnés.

Deposito legal PO 200-97

Impreso postal sen enderezo



Os enganados de Tourís

La Voz de Galicia: 30-10-99

El alcalde de Cambados cree que el edificio de la Misión Biológica está a la altura de la denominación de origen

Tourís aprueba la decisión de instalar la sede del Consello Regulador en Pontevedra

El Bloque ofrece su apoyo a Tourís para reivindicar la sede del Consello Regulador

Los nacionalistas solicitan al alcalde que consensue una propuesta con unidad entre todos los grupos

Faro de Vigo, 30-3-2000

El BNG pide a Cambados que ofrezca una sede para el Consello Regulador

La Voz de Galicia, 4-5-2000

El BNG ofrece su apoyo total a Tourís para reivindicar la sede de Rías Baixas

Los nacionalistas citan razones de índole histórica, social, cultural, económica y geográfica para demostrar que Cambados debe ser el epicentro sobre el que gire el Consello Regulador

Faro de Vigo, 13-7-2002

El Bloque cambadés solicitó en la sesión que cuando se terminase la compra del edificio y finca de Torrado se remitiese un escrito al consello regulador para ofrecer el edificio como sede. Sin embargo, Cores Tourís señaló que eso no sería necesario. «Seguro que Cambados vai ser sede do consello regulador e saberase nas próximas semanas»

La Voz de Galicia, 26-4-2003

Tourís rechaza la solicitud del BNG de ofrecer una sede para acoger Rías Baixas

La Voz de Galicia, 14-4-2000

Tourís rechaza hacer un frente con el BNG para pedir la sede de Rías Baixas

Faro de Vigo, 14-7-2002

El BNG compromete su apoyo a Tourís para traer el Consello Regulador

Diario de Arousa, 19-6-2003

Apela a la unión del sector que reclama la instalación del ente en Cambados

El BNG propone que el Pazo de Torrado se destine a sede de Rías Baixas

Faro de Vigo, 19-6-2003

El PP rechaza ofrecer oficialmente el Pazo de Torrado como sede del organismo vitivinícola

Faro de Vigo, 2-8-2003

Bueno obvió a Tourís porque Rías Baixas depende de Fraga y Guedes

Faro de Vigo, 3-10-2003

“Tourís no nos presentó ninguna oferta alternativa al Pazo de Mugarzegui. El alcalde tuvo muchas oportunidades para presentar un edificio y no lo hizo, por lo tanto optamos por esta opción”. Marisol Bueno

Diario de Arousa, 3-10-2003

El presidente provincial

El presidente de la Diputación, Rafael Louzán, señaló ayer que le parecía bien que el consello regulador se instalase en Pontevedra, pero que consideraba que «Cambados debe ter tamén unha compensación».

La Voz de Galicia, 4-10-2003

“se aceptó la propuesta de la presidenta para cambiar la ubicación de la sede del Consello porque no había ninguna otra oferta”

Juan Gil
Bodegas Palacio Fefiñáns

Diario de Arousa, 7-10-2003

INICIATIVAS E ACTUACIÓN DO BNG

◆ Dende a constitución da nova Corporación Municipal o BNG interesouse polas posibles solucións ao problema da conexión da parroquia de **Vilariño** co centro urbano de Cambados, que creaba a ampliación da Vía Rápida, solicitando a construción dun **túnel** que permitise a comunicación dos veciños en condicións totais de seguridade.

◆ Denuncia de **saída á vía pública de augas residuais** nunha arqueta situada nas inmediacións da **ponte da Barca, en Castrelo**, en plena Xunqueira do Umia (espacio natural protexido), e a escasos metros de distintos establecementos hosteleros e vivendas. A arqueta foi arraxada uns días despois, pero as augas residuais siguen saíndo ó río por unha tubería de desvío.

◆ Petición de que se ordene o aparcamento na **avda. de Madrid** e cruce coa avda. de Vilariño; e denuncia da concentración de chiringuitos e falta de hixiene durante a Festa do Albariño.

◆ Antes do **comezo do curso escolar**, o BNG interesouse polo estado de conservación de distintos centros escolares, reclamando a realización de obras urxentes de reparación e mantemento nalgúns deles, como o **Colexio de Corvillón, a Escola de A Modia, ou o Centro de Educación Infantil de A Pastora**. Asimesmo solicitou información sobre o proceso de adxudicación do servizo da **Gardería Municipal**, sobre o que se formularon algunhas críticas e obxeccións.



◆ Solicitud para que se efectúen diversos arranxos no teito e tellado da **capela da Pastora**, que leva sen reparar dende que se lle fixeron as primeiras obras pouco despois de comprala, hai uns vinte anos.

◆ Solicitud de que se tomen medidas para solucionar a **carencia de beirarrúas e de pasos de peóns** nas inmediacións do Centro de Educación Infantil de A Pastora, na avenida do Pombal e no cruce coa avenida de A Coruña.

◆ Petición de que se arreglen as deficiencias (persianas, luz, ventilación, etc.) que presenta o novo **edificio de servizos múltiples de A Mercedes**, onde se instalou a Biblioteca Municipal..

◆ Petición ao alcalde para que abra unha vía de **diálogo cos taxistas**, co obxecto de buscar solucións ó problema das paradas.

◆ As mulleres embarazadas de Cambados levan dous meses sen **atención de matrona no Centro de Saúde**. O PP di que quere que aumente a natalidade, pero non pon medidas para favorecela. O BNG instou ó alcalde a que faga xestións urxentes ante o SERGAS para que se dote de persoal a este importante servizo.

◆ É necesaria a realización dunha serie de reparacións urxentes para evitar que un maior deterioro da **Praza de Abastos** afecte ao servizo que debe prestar a tódolos veciños e veciñas, e ás persoas que traballan nela. O BNG considera que se debe ir xa á construción dun novo edificio, pero mentras, hai que conservar o que temos.

◆ Solicitud de **adecentamento** do espacio que ocupaban os antigos galpóns da avda. de Galicia, **ao lado da Praza de Abastos**, retirando cables e obstáculos.



◆ Repetidas veces oímos que o Concello ía facer unha reforma estrutural do **pavillón do Pombal**. Dende o BNG demandamos que, mentras dure esta longa espera, se tomen as medidas necesarias para realizar unha serie de elementais arranxos urxentes (cristais, baños, vestiarios, teito...), e que o pavillón poida funcionar cun mínimo de seguridade.



◆ As vixentes Normas Subsidiarias din que a distancia da liña de edificación ata o eixo da vía á que dá frente (neste caso tipo III) debe ser de 6 m. ¿Usaría o goberno municipal dúas varas de medir distintas nos **Montes Outeiros (Corvillón)** coas vivendas da Xunta e coas vivendas dos particulares?.

